

SINTAXE 2º BAC

Sintagma: nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional

Enunciado: frase e oración

Oración: suxeito e predicado. Funcións sintácticas: suxeito, atributo, CD, CI, CC, CPVO, suplemento.

Oracións polo significado (aseverativa, exclamativa, desiderativa, imperativa, interrogativa), polo **verbo** (atributiva e predicativa -activa e pasiva: transitiva, intransitiva, reflexiva, recíproca-), segundo o **suxeito** (persoal e impersoal), pola **estrutura** (simple e composta).

Oración composta: xustaposta, coordinada (copulativa, disxuntiva, adversativa, distributiva, explicativa) e subordinada (substantiva, adxectiva, adverbial -tempo, lugar, modo, cantidade, condicional, causal, comparativa, concesiva, consecutiva, final-).

1. SINTAGMA

Os sintagmas son unidades sintácticas formadas por palabras que se comportan de maneira conxunta dentro doutra unidade superior, que desempeñan unha función sintáctica na oración. Sintagma: núcleo e adxacentes (determinante, modificador). Ex: un neno grande // o pequeno Aldán.

1- **(S.N.) Sintagma nominal:** o núcleo é un substantivo, unha palabra substantivada ou un pronome. Ex: o coche vermello // ese azul precioso // nós mesmos.

Poden desempeñar a función de suxeito -as ovellas (comen herba)-, complemento directo -(os leóns comen) carne-, complemento indirecto -(dei)lle (unha galleta)-, adxacente -(Pondal), o poeta, (naceu alí)-, atributo -(o Aldán é) un rapaz divertido-, vocativo -Aldán, (ven axiña!)-, complemento circunstancial -(anda con) xeito!-

2- **(S.V.) Sintagma verbal:** o núcleo é un verbo e funciona como predicado. Ex: (Aldán) xoga coa pelota // está ben // comeu unha mazá.

3- **(S.Adx.) Sintagma adxectivo:** o núcleo é un adxectivo. Ex: (Aldán está) moi feliz // (Aldán corre) demasiado rápido. Pode desempeñar a función de adxacente dun substantivo -(xoguete) moi divertido-, atributo -(Aldán está) contento-, complemento predicativo -(traballo) contento (alí)-

4- **(S.Adv.) Sintagma adverbial:** o núcleo é un adverbio. Funciona como complemento circunstancial: Ex: (O Aldán vive) lonxe de Galicia // (marcharei) despois das catro.

5- **(S.Prep.) Sintagma preposicional:** o 1º elemento é o relator –enlace- (preposición) seguido do termo (un S.N. ou un S.Adv.). Ex: (o Aldán xa saíu) de Medina // (o avó) do Aldán.

2. ENUNCIADO

O enunciado é a unidade mínima de comunicación que permite transmitir unha mensaxe. Hai dous tipos:

1. A **frase:** é un enunciado que non ten verbo. Pode ser:

- -Frase nominal: o núcleo é un substantivo. Ex: vaia partido!
- -Frase adxectivo: o núcleo é un adxectivo. Ex: que bonito!
- -Frase adverbial: o núcleo é un adverbio. Ex: que mal!

2. A **oración:** é un enunciado con verbo en forma persoal. Pode ser:

-Oración simple: só un verbo. Ex: hoxe non chove nada.

-Oración composta: máis dun verbo. Ex: onte choveu, pero escampou e hoxe xa está de sol.

3. ORACIÓN

Funcións sintácticas. Os sintagmas desempeñan diferentes funcións dentro da oración. O suxeito e o predicado son os elementos principais da oración.

-Suxeito (SUX): informa quen realiza, causa ou padece a acción do verbo. Ex: *o Roi* come moi ben. O suxeito pode estar explícito (aparece na oración), implícito ou elidido (sobreenténdese) e indeterminado (non está determinado, non se coñece). Ex: *a Maia* é moi lista -explícito- // non xoguei co Roi (eu) -implícito- // roubaron no supermercado -indeterminado-. Na oración pasiva hai un suxeito **axente** (aquel que realiza a acción do verbo) e un suxeito **paciente** (o que recibe ou padece a acción realizada polo axente). Ex. *o libro* (paciente) foi lido *polos alumnos* (axente).

-Predicado: o núcleo é o verbo. Predicado **nominal** (núcleo un verbo copulativo: *ser, estar, parecer, semellar*) e predicado **verbal** (verbo non copulativo). Ex: *o lobo é moi feroz* (nominal) // *o lobo comeu unha ovella* (predicativo).

- **Atributo:** aparece no predicado de oracións con verbos copulativos (*ser, estar, parecer, semellar*) e atribúe unha propiedade ou característica ao suxeito. Ex: *o ferido está mal* // o tempo é *variable*.
- **Complemento directo (CD):** recibe directamente a acción dun verbo transitivo. Ao pasar a oración á pasiva o CD pasa a ser suxeito paciente. Ex: *as ovellas comen herba* (en pasiva: a herba é comida polas ovellas).
- **Complemento indirecto (CI):** sobre el recae a acción do verbo de forma indirecta (a quen/que, para quen). Ex: *María botou esterco ás plantas*. O CI pode aparecer como duplicado (pronome + sintagma): *María botoulle esterco ás plantas*.
- **Complemento circunstancial (CC):** informa das circunstancias nas que se realiza a acción verbal. Tipos: lugar, tempo, modo, causa, finalidade, compañía, materia, cantidade... Ex: *Irei ao cine co Aldán* -compañía- // *irei ao cine na Coruña* -lugar-
- **Complemento predicativo (CPVO):** sintagma adxectivo (ou nominal) similar a un atributo ou complemento circunstancial de modo, concorda en xénero e número co SUX ou o CD. Ex: *quedaron parvos* con iso // *respondeu nervioso* ás cuestións.
- **Suplemento** (complemento de réxime): vén esixido polo verbo que pide unha preposición concreta cando queremos engadir un CD ou CI. Ex: *falou mal de ti* // *confía sempre en min*

***Consellos para analizar os elementos dunha oración: suxeito, núcleo do predicado, complemento directo, suplemento, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento predicativo, axente da pasiva, pronome de solidariedade, pronome de interese.

1.- Procuramos o suxeito, (quen? realiza a acción verbal) que ha de concordar co verbo. En moitos casos estará oculto (elidido) e hai verbos impersonais. O sol sae por alí. Chove moito

2.- Predicado

--2.2.- Se é un verbo copulativo (atributivo) -*ser, estar, parecer, semellar*- procuramos o atributo: *Aldán está canso*

--2.3.- O verbo é predicativo (resto dos verbos)

***2.3.1.- Se o verbo é transitivo ha de levar complemento directo (que?). Se temos dúbidas de cal é o complemento directo podemos volver a frase a pasiva e o complemento directo resultará suxeito. Exemplo: *onte vinte na rúa* = *onte ti fuches visto por min na rúa*. En moitos casos o complemento directo é un pronome persoal.

***2.3.2.- Se observamos que o verbo existe (nese significado) un sintagma preposicional teremos un suplemento: o can bebía no leite

***2.3.3.- Procuramos o complemento indirecto (a quen? para quen?) nos verbos intransitivos (non é obrigatorio) e tamén o podemos atopar nos transitivos acompañando o complemento directo. En moitas oracións atoparemos un complemento indirecto duplicado, un pronome átono e outro sintagma: deilles o mando aos meus pais.

***2.3.4.- O verbo é predicativo mais encontramos un adxectivo ou similar nunha función semellante ao atributo dos verbos copulativos..., estamos diante dun complemento predicativo (que podemos confundir cun complemento circunstancial de modo): María quedou parada alí.

--2.4.- Procuramos o complemento circunstancial (cando? onde? como? canto?; adverbios, sintagmas preposicionais...): tempo, lugar, modo, cantidade...

--2.5.- Se nos quedan pronomes persoais átonos que non son complemento directo nin indirecto, poderán ser de solidariedade ou interese (propios da lingua falada). O pícaro non che come nada estes días.

--2.6.- Se a oración está en pasiva (ser+participio), podemos encontrar o axente de pasiva (encabezado pola preposición por): Aldán non foi educado polos avós.

2.7.- Valores de SE (me,te,se,nos,vos,se). Resume.

- Reflexivo: é complemento directo. A acción que realiza o suxeito recae sobre el mesmo. O can lámbese. Pode ser nalgún caso complemento indirecto: preguntouse a razón diso.

- Recíproco: con suxeito múltiple. A acción que realiza cada un recae sobre os demais. Antón e Helena quérense. Maia e Aldán mándanse correos.

- Compoñente verbal: en verbos que existen o pronome, forma parte do verbo. Raquel queixouse da cabeza.

- Na pasiva reflexa, impersonal. Aínda non se recolleu o millo.

Modalidades de oracións

0.- Modalidades de oracións polo significado.

0.1. **Aseverativas** (enunciativas ou declarativas): expresan ou informan dun feito ou pensamento obxectivo. Poden ser afirmativas ou negativas. Ex: onte vin o partido // non atopei o móbil na cociña // é un vídeo interesante // a min non me gusta a pizza.

0.2. **Exclamativas**: expresan emocións ou sentimentos como dor, ledicia, sorpresa... Ex: canto o sinto! // eu non quero vivir así! // este ano vou aprobar si ou si!

0.3. Moi similares ás anteriores son as **desiderativas ou optativas**: expresan un desexo en ton exclamativo. Ex: ogallá mellor a túa nai! // quen me dera convosco voar! // que che vaia ben na vida, meu!

0.4. **Interrogativas**: úsanse para facer preguntas e acostuman empezar por un pronome interrogativo. Ex: onde deixaches o móbil? // cantas horas lle dedicas a diario ás redes sociais? // ti como preparas os exames de Educación Física?

0.5. **Imperativas ou exhortativas**: expresan unha orde, un mandado, unha prohibición. Tamén similares ás exclamativas. Ex: non me volvas coller o móbil sen permiso! // deixa xa de fuchicar na tableta! // facedes os deberes agora mesmo!

1. Modalidades de oracións polo verbo.

1.1- Atributiva (copulativa): o sintagma verbal é un verbo copulativo -ser, estar, parecer, semellar- e os seus atributos. Ex: o Aldán é traballador // o Aldán está canso // o Aldán semella divertido hoxe.

1.2- Predicativa: o núcleo do predicado é un verbo predicativo -non atributivo, todos menos *ser, estar, parecer, semellar*-. Ex: *onte o Aldán comeu caldo // mañá o Aldán irá a Burgos.*

Nas **oracións predicativas** podemos diferenciar:

1.2.1- Activa: un suxeito axente que realiza, preside, controla a acción. Ex: *o neno comeu legumes // o can caeu no río.*

- **1.2.1.1- Transitiva:** leva un CD porque o verbo (transitivo) o precisa para completar o seu significado. Ex: *o Aldán deume unha galleta // escribinlle un correo ao Aldán.*
- **1.2.1.2- Intransitiva:** non leva CD porque o verbo (intransitivo) non o admite. Ex: *o Aldán dorme moito // o cativo saíu cedo do colexio.*
- **1.2.1.3- Reflexiva:** leva un verbo reflexivo -a acción do verbo recae sobre o mesmo suxeito-. Ex: *o Aldán bañouse no Ebro // o Aldán non se mira ao espello moito.*
- **1.2.1.4- Recíproca:** leva un verbo recíproco no que as accións do verbo son mutuas entre dous suxeitos. Ex: *o Roi e o Aldán abrazáronse coma primos // a Maia e o Aldán non se enfadaron nunca.*

1.2.2- Pasiva: ten o verbo en voz pasiva (*ser+participio* ou *pasiva reflexa*) e un suxeito paciente -recibe, padece, recae nel, a acción do verbo en lugar de realizala-. Ex: *ese exercicio xa lle foi recomendado ao Aldán polo adestrador // nunca algo similar fora visto na nosa casa.*

2. Modalidades de oracións polo suxeito:

- **2.1- Persoal:** teñen un suxeito. Pode ser un suxeito explícito -presente- Ex: *o Aldán xoga co camión; ou un suxeito implícito (non explícito). Ex: non xogou co tren.*
- **2.2- Impersoal:** levan un verbo impersoal -sen suxeito ou que non pode determinarse o suxeito- en terceira persoa. Ex: *en Medina de Pomar neva ás veces // hoxe hai algo de néboa.*

3. Modalidades de oracións pola estrutura:

- **3.1- Unimembre:** non pode dividirse en suxeito e predicado. Poden ser frases sen verbo. Ex: *bo día! // ata mañá! // moi ben!* Ou poden ser oración impersoais. Ex: *choveu pouco // vai frío.*
 - **3.2- Bimembre:** ten dous membros, suxeito e predicado. Ex: *as vacas teñen cornos // as cabras tiran ao monte.*
-

As oracións compostas

1.- **Xustapostas**: non hai nexo, están separadas por unha pausa ou coma. Ex: chegaron as nubes, mañá chove // hoxe vou sobrada, non preciso axudas // chegaron as vacacións, esquezamos os libros

2.- **Coordinadas**. Están unidas por conxuncións coordinantes, cada unha das oracións ten sentido completo e é sintacticamente independente.

- 2.1. Coordinadas **copulativas**: oracións independentes unidas polos nexos **e, mais, nin, que** que suman, enlazan. Ex: nin o dixen nin o direi // hegou e xa marchou // fíxoo e non se arrepentiu.
- 2.2. Coordinadas **adversativas**: unha das oracións corrixe a outra; unidas polos nexos: **mais, pero, porén...** Ex: tirou el a falta pero fallou // ten que facer moita máis recuperación, porén non perde a ilusión // saíu cedo mais non chegou a tempo.
- 2.3. Coordinadas **disxuntivas**: presentan dúas opcións mediante os nexos: **ou, ben...** Ex: Aldán, recolles ou levas o lixo // ti estudas ou traballas?
- 2.4. Coordinadas **distributivas**: distribúen as accións mediante os nexos **ben... ben, xa... xa, ...** Ex: esa xa ri xa chora.
- 2.5. Coordinadas **explicativas**: unha explica a outra mediante os nexos **é dicir, ou sexa...** Ex: perdeu o tempo, é dicir, non aproveitou nada.

3.- **Subordinadas**. Nestas oracións compostas unha é a **oración principal** e outra a **oración subordinada** que depende estruturalmente da primeira.

A oración subordinada desempeña unha función sintáctica dentro da principal. Dependendo desa función poden ser:

3.1. Subordinadas **substantivas**. Desempeñan as funcións sintácticas propias do substantivo:

- *1.1. Subordinadas substantivas de **suxeito**. Ex: *gústame que o Aldán lea moitos libros.*
- *1.2. Subordinadas substantivas de **complemento directo**. Ex: *contoume que esquecera todo na casa.*
- *1.3. Subordinadas substantivas de **complemento indirecto**. Ex: *regaláronlles un queixo aos que atinaron a pregunta.*
- *1.4. Subordinadas substantivas de **atributo**. Ex: *o certo é que non o fixo o Aldán.*
- *1.5. Subordinadas substantivas de **suplemento**. Ex: *falou de que non estaba contento con iso.*
- *1.6. Subordinadas substantivas de **suxeito axente**. Ex: *foi premiado por quen antes o castigara.*
- *1.7. Subordinadas substantivas de **complemento do nome**. Ex: *tiña a seguridade de que non volvería en moito tempo.*

3.2. Subordinadas **adjectivas** ou relativas (nexo relativo: *que, cal, quen, cuxo...*). Desempeñan a función dun adxectivo:

- *2.1. Subordinadas **adjectivas especificativas**: especifican, restrinxen o significado. Ex: os nenos *que non trouxeron a merenda* que se poñan a este lado (restrinxen: só *os que non trouxeron a merenda* se teñen que poñer).
- *2.2. Subordinadas **adjectivas explicativas**: non restrinxen o significado, explican e normalmente van entre comas. Ex: os nenos, *que estaban cansos*, pediron a merenda (explica *que estaban cansos* e pediron a merenda todos, non restrinxen)

3.3. Subordinadas **adverbiais**. Desempeñan as funcións sintácticas propias dun adverbio.

3.3.1. Subordinadas adverbiais en función de **complemento circunstancial**:

- *3.3.1.1. Subordinada **adverbial de tempo**. Indican unha circunstancia temporal. Nexos: *cando, antes de que, asemade, despois de que, mentres...* Ex: pecha a porta *cando saías* // *mentres quentas o caldo* frega a louza.
- *3.3.1.2. Subordinada **adverbial de lugar**. Indican unha circunstancia espacial. Nexos: *onde...* Ex: o Aldán puxo as chaves *onde lle dixeran*.
- *3.3.1.3. Subordinada **adverbial de modo**. Indican como se executa a acción. Nexos: *como, segundo, consonte...* Ex: fai os problemas *como mellor che pareza*.
- *3.3.1.4. Subordinada **adverbial de cantidade**. Indican unha circunstancia de cantidade. Nexos: *canto?* Ex: pregunta *canto custou iso*.

3.3.2. Subordinadas adverbiais **que non son complemento circunstancial**:

- *3.3.2.1. Subordinada **adverbial comparativa**. Nexos: *ca, que, coma, como...* Indica comparación de inferioridade, superioridade ou igualdade coa principal. Ex: o Aldán come *mellor do eu pensaba*.
- *3.3.2.2. Subordinada **adverbial causal**. Nexos: *porque, dado que, posto que, xa que ...* Indica a causa, a orixe lóxica da principal. Ex: marchei *porque estaba cansa*.
- *3.3.2.3. Subordinada **adverbial condicional**. Nexos: *se, con tal que ...* Indica unha condición con respecto á principal. Ex: *se bebes* non conduzas // irei eu *se che parece ben*.
- *3.3.2.4. Subordinada **adverbial consecutiva**. Nexos: *conque, de maneira que, de xeito que...* Indica a consecuencia da principal. Ex: teño fame, *así que comerei unha mazá*.
- *3.3.2.5. Subordinada **adverbial concesiva**. Nexos: *aínda que, a pesar de que ...* Indica un feito que non impide que se cumpra a principal. Ex: vouno facer *aínda que te enfades*.
- *3.3.2.6. Subordinada **adverbial final**. Nexos: *para que, a fin de que ...* Indica a consecuencia última. Ex: sae xa *para chegar con tempo*.